



COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE DEREITO ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 27 DE NOVEMBRO DE 2020

Acórdase por asentimento¹:

1. Aprobar a acta da reunión ordinaria do día 14 de xullo de 2020.
2. Validar a memoria do Curso de Actualización Xurídica 2019-2020.
3. En relación cos escritos presentados polo alumnado respecto á proba de avaliación continua da materia de Dereito do traballo e da seguridade social:

Remitir ao alumnado implicado un escrito consensuado no que se poña de manifesto, dentro do marco das competencias da comisión de calidade, que os problemas técnicos acaecidos durante o desenvolvemento da proba de avaliación continua da materia Dereito do traballo e da seguridade social, realizada o día 10 de novembro de 2020, foron solventados dun xeito razoable non implicando unha vulneración da guía docente nin do cronograma.

4. Validar a actualización dos procedementos DO-0301 (Información Pública e Rendemento de Contas) e MC-05 (Medición da satisfacción dos grupos de interese).
5. Validar a actualización do mapa de procesos e a listaxe de procedementos en vigor.
6. Validar os acordos adoptados en materia de execución de gastos.

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión de Calidade da Facultade de Dereito, celebrada o día 27 de novembro de 2020, se publicaron no taboleiro de anuncios e na web do centro o día 30 de novembro de 2020.

A Secretaria da Facultade de Dereito
Asinado dixitalmente
Concepción Martínez Martínez

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada ante o Reitor no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, de acordo co disposto nos Estatutos da Universidade de Vigo e nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

¹ As persoas interesadas en consultar a documentación poden dirixirse ao correo electrónico da Secretaría do Decanato. sdefdo@uvigo.es